



Centro de Maiores

* **AVISO:** O día 7 de decembro o centro de maiores permanecerá pechado.

* **CAMPIONATO DE TUTE:** 10 e 11 de decembro no Centro, anotarse no centro de maiores.

* **XANTAR E BAILE DE NADAL:** o venres 18 de decembro celebrarase na Parrillada A Cabrita o xantar e baile de Nadal. Prezo son 15€ persoa. Pulpo con cachelos, churrasco, postre, café e baile ata cansar. Pola mañá o autobús fará os percorridos de sempre, ás 13:30 levará a todos os que estean no Centro para a Cabrita e despois do baile fará os percorridos de sempre para levar os que veñan ás súas casas. Mínimo 30 inscritos. Anotarse e pagar antes do día 15 no Concello ou no Centro de Maiores.

Vacacións: dende o día 21 de decembro ata o 6 de xaneiro o Centro permanecerá pechado. O 7 de XANEIRO abrimos.

* **CURSO OFICIAL DE MANIPULADOR/APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS (nivel básico):** Destinado a: 1. Agricultores que non dispoñan de persoal auxiliar na explotación. 2. Persoal auxiliar de empresa e explotacións agrarias dedicadas á aplicación de produtos fitosanitarios. 3. Persoal auxiliar dos establecementos de venda ó público de produtos fitosanitarios. O prezo vai depender do número de asistentes: entre 7 e 10 asistentes 185 €, 10 asistentes: 155 €, 15 asistentes 135 €, 20 asistentes 120 € e 25 asistentes 90 €.

Expedición de carné oficial.

O curso realizarase en Boimorto no mes de xaneiro pero as datas están por determinar. A partir do 26 de novembro de 2015 será obrigatorio que posúan o carné tanto usuarios profesionais como vendedores, tamén será obrigatorio para poder comprar produtos fitosanitarios ensinar o carné. Anotarse no concello de Boimorto.

Actividades

* **Sábado 14 de novembro: MAGOSTO POPULAR e SERÁN DE OUTONO**

O actual grupo de goberno quere agradecer a gran participación de veciños e veciñas ó noso magosto e facer unha especial mención para o grupo "Santiaguinhos" de Boimorto que mostraron unha vez máis a súa profesionalidade ademais de colaborar na realización do magosto de Boimorto.

* **OBRADOIRO DE COCIÑA DE NADAL PARA NENOS**

Os días 28, 29 e 30 de decembro desde as 11 da mañá ás 13 horas. Neste curso de cociña impartido por Manuel Garea elaboraranse pratos típicos de Nadal no centro de maiores. Para pequenos/as a partir de 6 anos.

Prezo: No caso de anotarse 10 nenos/as o prezo sería de 24 €, 16€ no caso de 15 nenos/as. O prezo pode variar en caso de máis anotados. Máximo 20 nenos. **Anotarse no concello.**

* **OBRADOIRO DE COCIÑA DE NADAL PARA ADULTOS**

Os días 21, 22 e 23 de decembro desde as 20 ás 22 horas. Curso de cociña impartido por Manuel Garea, elaboraranse pratos típicos de Nadal no centro de maiores.

Prezo: No caso de 10 participantes o prezo sería de 25 €; 16,50€ no caso de 15. O prezo pode variar en caso de máis anotados. Máximo 20 anotados. **Anotarse no concello.**

* **CANTARES DE REIS**

O Concello de Boimorto convoca para o día 3 de Xaneiro de 2016 o XII Certame de Cantos de Reis. Poderán participar cuadrillas de mozos/as, vellos/as ou nenos/as que se inscriban no Concello de Boimorto antes do día 24 de Decembro de 2015, chamando ó 981516 020, ou ben, mandando un correo ó enderezo silvia.cea@boimorto.es.

Interpretarán un cantar de reices cunha duración que non supere os cinco minutos. Establécense tres premios en metálico que se reparten do seguinte xeito: - Primeiro premio: **1.000 €**, segundo premio: **600 €** e un terceiro premio de **400 €**.

O Xurado estará formado por **especialistas do folclore e da música tradicional**, ademais dun representante do concello que actuará como secretario.

Valorarase: Que sexa un canto de Reis tradicional, enxebre e a autenticidade da peza. A afinación e dificultade da peza

Posta en escena (isto non implica, nin se valorará o uso do traxe tradicional)

* **BELÉN VIVENTE**: como en anos anteriores pretendemos escenificar o Nadal, polo que pedimos a colaboración de todos os pais e nais para levalo a cabo, que se celebrará o domingo 27 de decembro na Igrexa parroquial de Santiago de Boimorto, ás 17:00 horas, este ano buscamos que os nenos/as participen de forma activa no tema a través da representación. O "teatrillo de Nadal" que levaremos a cabo non ten grandes pretensións escénicas nin de vestuario, realizaremos uns ensaios e os papeis serán moi sinxelos pero pedímosvos a vosa colaboración para que os nenos aprendan ben o papel que lles corresponda na obra e para que o día da representación traian roupa axeitada ó papel que teñen nesta. Polo que convocámosvos a unha reunión que terá lugar o vindeiro martes 1 de decembro ás 17:00 horas na Casa de Cultura de Boimorto.

* **Excursión a XUVENLUGO** Martes 29 de decembro saída as 15: 30 e chegada aproximada ás 21:00 . Mínimo 20 inscritos, prezo por persoa 14€. Anotarse antes do día 23 de decembro no Concello. Área lúdica: espazo infantil para nenos de 0 a 3 anos con Ludoteca e inchables.

Espazo de animación: de 4 anos en diante, inchables, xogos recreativos, tren da bruxa, saltamontes, scalextric, camas elásticas, coches de choque...

Área deportiva-lúdica: inchables de gran formato, circuito triquer e do turbo twist...

* **CABALGATA DE REIS** O día 5 de xaneiro, os Reis Magos visitarán Boimorto. Ás 18:00 horas chegarán ó polideportivo para repartir agasallos para todos/as os/as cativos/as, no seu percorrido polo centro de Boimorto os Reis estarán acompañados dunha personaxe infantil. Dende as 17:30 haberá música, xogos e baile para todos no polideportivo. Para rematar contaremos cunha sorpresa para todos os asistentes.

Deportes

* **EXCURSIÓN Á PISTA DE XEO DE MARINEDA CITY**: Sábado 9 de xaneiro con saída ás 10:30 h e chegada aproximada ás 14:30, prezo por persoa 6€. Os nenos/as de 10 anos ou menos deberán ir acompañados dun adulto. Mínimo 25 participantes e máximo 50. A inscrición realizarase no Concello, finalizando o prazo o xoves día 7 de xaneiro. Todo participante deberá levar luvas (recoméndanse de neve).

Servizos Sociais

* Está aberta a convocatoria ata o 18 de decembro de solicitude de axudas para situacións de emerxencia social do Concello de Boimorto. Están destinadas a cubrir necesidades básicas tipo alimentación apoio nos estudos dos menores, adquisición de material escolar, adquisición de axudas técnicas..... das unidades familiares con escasos recursos. Máis información nos Servizos Sociais do Concello en horario de 9 a 15 e os mércores de 16,00 a 18,00.

* **Tratamento rehabilitador coas persoas con demencia**: Dende os servizos sociais estamos realizando un estudo para coñecer o número de casos e o diagnóstico das persoas maiores que padecen algún tipo de demencia no noso concello co fin de poder proporcionarlles a axuda rehabilitadora que precise, así como, terapia de apoio ós seus familiares.

As persoas interesadas deberán poñerse en contacto cos Servizos sociais (Esther) ou coa Residencia (Teresa) nos seguintes números: 981 516075 / 981 516210 á maior brevidade posible.

